



ACTIVIDADES COAG DMA

2013

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia celebrará o próximo día 7 de outubro o día Mundial da Arquitectura, que tradicionalmente se celebra o primeiro luns de outubro.

“**Cultura – Arquitectura**” é o lema elixido pola [UIA](#), querendo destacar a multitude de interpretacións e ilustracións que refrexan a diversidade, riqueza, imaxinación e capacidade de invención dos arquitectos a través dos seus deseños e obras.

A través das súas sete delegación, o Colexio de Arquitectos de Galicia pretende levar aos cidadáns esta celebración, invitándoos a participar nos actos que se celebrarán nestas cidades.

DELEGACIÓN ACTIVIDADES

A CORUÑA

A Pescadería en tránsito. Roteiro urbano polo barrio da Pescadería

LUGO

Acto de homenaxe a José Luis Fernández del Amo Moreno.
Conferencia de Manuel Urbano Barrio y Moubre sobre arquitectura relixiosa.

OURENSE

Conferencia “La huella del arquitectos Antonio Palacios en Ourense”.
Semana da arquitectura en Ourense.

PONTEVEDRA

Casa Dominguez (A Caeira, Poio) colocación de placa e visita a esta obra de Alejandro de la Sota.

FERROL

Roteiro en bicicleta pola arquitectura racionalista de Ferrol.

SANTIAGO

Roteiro pola arquitectura da Universidade de Santiago de Compostela contextualizando a obra de Fisac para o CSIC, o Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia.

VIGO

Roteiro no casco vello de Vigo, visitando a recentemente premiada intervención do Consorcio Casco Vello de Vigo na Bienal de Arquitectura de España.

En todos os actos se dará lectura a un Manifesto asinado pola Xunta de Goberno:

– **Manifesto da Xunta de Goberno para Día Mundial da Arquitectura** [galego](#) - [castelán](#)

Alén diso, cada unha das delegacións complementa a semana con actividades diversas que indicamos:



ACTIVIDADES DMA 2013

a coruña

A Delegación da Coruña centrará as súas actividades do Día Mundial da Arquitectura no Barrio da Pescadería de A Coruña, a través dun percorrido por trece lugares deste barrio coruñés.

MARTES 8

(trasládase o día 8 por ser o 7 festivo en A Coruña)

LA PESCADERÍA EN TRÁNSITO: Paseo urbano polo barrio da Pescadería articulado a través de 13 localizacións que forman parte da cultura popular e da memoria colectiva da cidade de A Coruña.

12.00 horas. Cocina económica. Presentación da xornada a cargo de Carlos Pita.

13.00 horas. Rúa Orzán, 66. Bar Sanin. Jose Luis Ducid.

14.00 horas. Plaza del Humor, 1. A Cunqueña. Alfonso Díaz Revilla.

[+ información](#)



ACTIVIDADES DMA 2013

Lugo

A Delegación do Colexio de Arquitectos de Lugo ten como punto central das súas actividades na celebración do Día Mundial da Arquitectura na figura do arquitecto José Luis Fernández del Amo Moreno, ademais de publicar na prensa artigos e referencias á arquitectura.

LUNS 7 OUTUBRO

Acto de homenaxe a José Luis Fernández del Amo Moreno a través dunha charla seguida dunha pequena conferencia sobre “Arquitectura relixiosa” a cargo do arquitecto Manuel Urbano Barrio y Moubre

Lugar: na Igrexia Parroquial de San Antonio de Pádua, Rúa Tui,39, Lugo

Horario: 20.15 h

Entrada libre

[+ información](#)



ACTIVIDADES DMA 2013

ourense

A Delegación de Ourense celebrará un acto con unha conferencia sobre a obra de Antonio Palacios. A súa vez un grupo de arquitectos da Delegación coordinarán unha serie de actos baixo o título “Semana da arquitectura en Ourense” que se desenvolverán entre o 7 e o 11 de outubro.

LUNS 7

Proxección dunha curta sobre a construción do Templo de la Veracruz, do que é autor Anxo Santonil.

Lugar: Casa da Cultura de O Carballiño

Horario: 19.30 h.

Conferencia “**La huella del arquitectos Antonio Palacios en Ourense**” polo xornalista Jesús Manuel García Díaz, sobre a obra arquitectónica que de Antonio Palacios realizou en Ourense, presentada por José Jaime Vázquez Iglesias, Presidente da Delegación de Ourense do COAG. Pechará o acto o Alcalde do Carballiño D. Argimiro Mamotes.

Lugar: Casa da Cultura do Carballiño

Horario: 20:00h. Entrada libre

SEMANA DA ARQUITECTURA EN OURENSE _ [+ información](#)

LUNS, 7 DE OUTUBRO. DIA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

12:00 Lectura do manifesto nas Burgas, espazo urbano venciado dende época romana aos ourensáns e aos visitantes da nosa cidade, dende hai mais de 2000 anos.

Jose Javier Suanzes Pereiro, arquitecto.

Roteiro guiado pola evolución urbanística da cidade histórica.

MARTES, 8 DE OUTUBRO

Alfredo Freixedo Alemparte, arquitecto. **Reflexións sobre as intervencións nos conxuntos históricos: Normativa e Praxis.**

20:00 Centro Municipal José Angel Valente (Antiga Sede do Banco de España). Paseo 20.

MÉRCOLES, 9 DE OUTUBRO.

Mario Crecente Maseda, arquitecto. **Cidades termiais**

20:00 Centro Municipal José Angel Valente (Antiga Sede do Banco de España). Paseo 20.

XOVES, 10 DE OUTUBRO.

Luis Pérez de Juan, arquitecto. **Actividade na rúa “ MIRAR UN EDIFICIO”.**

19:00 Paseo 35, diante da delegación de Defensa.

VENRES, 11 DE OUTUBRO.

Actividade na rúa “ CUATRO ESQUINITAS”, Reflexión sobre arquitectura “in situ”.

Elvira Carregado Pazos, arquitecto.

19:00 Paseo 5.



ACTIVIDADES DMA 2013

pontevedra

A Delegación de Pontevedra dedica este día á Casa Domínguez como posta en valor da arquitectura senlleira do estilo do Movemento Moderno en España. No acto procederase á colocación de placa conmemorativa coa asistencia de autoridades locais e a presenza de D. Miguel Ángel Díaz Camacho (arquitecto COAM) autor da tese doutoral sobre a Casa Domínguez no ano 2012.

LUNS 7

Casa Domínguez. Colocación de placa conmemorativa coa asistencia de autoridades locais e a presenza de D. Miguel Ángel Díaz Camacho (arquitecto COAM) autor da tese doutoral sobre a Casa Domínguez no ano 2012.

Ás 17:00 h. o arquitecto Miguel Angel Díaz Camacho, autor da tese “**La casa Domínguez. Alejandro de la Sota: construir – habitar**”, dirixirá unha breve charla, nos exteriores da vivenda, sobre curiosidades e características desta obra singular.

Ás 17:45 h. xunto coas autoridades invitadas ao acto, descubrirase unha placa conmemorativa do día.

Ás 18:00 h. poderán acceder á vivenda aqueles que previamente confirmen o seu interese na seguinte dirección de correo-e: xd.pontevedra@coag.es PRAZAS LIMITADAS, considerándose a reserva efectiva ao ser remitida a confirmación da mesma e sempre por rigoroso orde de inscrición.

OUTRAS ACTIVIDADES

Dentro da programación dos actos de celebración do Día Mundial da Arquitectura, e como cada ano prográmanse, en colaboración co Cine Clube Pontevedra e a Fundación Caixa de Arquitectos, para o mes de outubro a proxección de dous documentais de arquitectura, nesta ocasión entorno ás figuras dos arquitectos, Antonio Palacios, Mies van der Rohe e Buckminster Fuller.

MÉRCORES 23 DE OUTUBRO

1ª sesión 20.00 h e 2ª sesión 22.15 h., con coloquio posterior á fin de cada sesión

ANTONIO PALACIOS “ *O templo da Veracruz, de Antonio Palacios* 10’

MIES VAN DER ROHE “*Mies van der Rohe, Mies*”. 56’.

Lugar: Teatro Principal de Pontevedra

MÉRCORES 30 DE OUTUBRO

1ª sesión 20.00 h e 2ª sesión 22. h., con coloquio posterior á fin de cada sesión

BUCKMINSTER FULLER “*O mundo de Fuller*”. 80’

Lugar: Teatro Principal de Pontevedra

[+ información](#)



ACTIVIDADES DMA 2013

ferrol

Os actos do Día Mundial da Arquitectura na Delegación de Ferrol centraranse na Arquitectura Racionalista desa cidade. A proposta é recorrer e analizar a evolución das “novidosas” arquitecturas de finais dos anos 30 en Ferrol, que van do Art-deco, ao Racionalismo e nos que incluso se poden atopar influencias expresionistas.

LUNS 7

Roteiro en bicicleta pola arquitectura racionalista de Ferrol, seguindo un recorrido, no que se empregará de guía e plano de recorrido o Plan Xeral de Ferrol de Rey Pedreira de 1931. A visita en bicicleta iniciase as 12.00 h. na Praza de Amboage e finalizará na Praza do Cruceiro de Canido.

Este percorrido propónse dar a coñecer e impulsar a protección de inmobles dun grande valor artístico, histórico e arquitectónico.

OUTRAS ACTIVIDADES

Durante o mes de outubro fomentaranse as actividades relacionadas coa arquitectura nos centros de ensino. Estase contactando con Colexios para difundir e facer un acercamento á arquitectura racionalista.

[+ información](#)



ACTIVIDADES DMA 2013

santiago

A Delegación de Santiago terá como actividade un roteiro pola arquitectura da Universidade de Santiago de Compostela contextualizando a obra de Fisac para o CIS, o Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia. Completándose con unha serie de charlas que se celebrarán en Noia estarán tamén englobadas nesta celebración do Día Mundial da Arquitectura

LUNS 7

Roteiro pola arquitectura da Universidade de Santiago de Compostela contextualizando a obra de Fisac para o CIS, o Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia.

12.30 h. Visita guiada pola Directora da Fundación Fisac o edificio do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia.

13.30 h. Visita guiada pola arquitecta Carmen Rey López percorrendo a arquitectura do Campus Sur da USC. Punto de encontro o Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia.

19.00 h. Visita guiada pola arquitecta Carmen Rey López percorrendo arquitectura do Campus Norte da USC. Punto de encontro Marquesina Xoan XXIII

OUTRAS ACTIVIDADES

VENRES 11

Intervencións sobre o PXOM Noia

- _ Alfonso Salgado y Francisco Liñares (SalgadoLiñares ArquitectosEnxeñeiros), Arquitectos.
- _ Sebastián Ríos (UNO70 ARQUITECTURA), Arquitecto.
- _ Álvaro Marín y Alfonso Castro (2es+ ESTUDIO DE ARQUITECTURA), Arquitectos.

Lugar: Casa da Cultura “Antón Avilés de Taramancos”, R/ Corredoira de Luis Cadarso s/n, Noia, (A Coruña)

Horario: 19:00 a 21:00



ACTIVIDADES DMA 2013

vigo

Dous serán os actos de celebración do Día Mundial da Arquitectura que se celebrarán en Vigo. O primeiro será una Andaina polo Monte Galiñeiro o domingo día 6 e os actos do día 7 estarán o redor dun roteiro polo Casco Vello de Vigo

DOMINGO 6

Andaina no monte Galiñeiro, visitando unha escolma dos seus achádeos arqueolóxicos e naturais.

Horario: 10.30 h – 14.00 h.

Grao de dificultade: baixo. Aberta a todos, en especial aos nenos.

Obxectivo: coñecer e apoiar as accións orientadas á protección dos seus valores naturais, paisaxísticos, sociais e arqueolóxicos.

Rogamos confirmación de asistencia antes do xoves 3 de outubro, na dirección de correo: secretario.vigo@coag.es

O acto podería ser suspendido se as condicións do tempo fan que sexa difícil o seu desenvolvemento.

LUNS 7

Roteiro no Casco Vello de Vigo, visitando a recentemente premiada intervención do Consorcio Casco Vello de Vigo na bienal de arquitectura de España.

Lugar: inicio no Paseo de Alfonso e finalización na Pinacoteca Municipal

Horario: 10.30 h. – 12.00 h.

Convocatoria aberta a todo o mundo

Obxectivo: elevar o nivel de coñecemento, sensibilidade e capacidade de existencia dos diversos grupos de cidadáns, e divulgar o entendemento da arquitectura como unha disciplina socialmente útil. Instalar autoridades, a sociedade civil e as empresas a sacalo máximo proveito do poder da cultura para dar respostas aos desafíos máis acuciantes en materia de desenvolvemento: sustentabilidade medio ambiental e inclusión social.

[+ información](#)